

CIG-SAÚDE DEMANDA DO SERGAS UNHA NEGOCIACIÓN REAL SOBRE AS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DO PERSOAL DE ATENCIÓN PRIMARIA

O SERGAS non pode seguir xogando a ser a súa mellor oposición, ofertando xs médicxs de familia outros postos de traballo fóra da Atención Primaria con mellores condicións laborais e retributivas, e facendo inventos de xestión para a atención primaria.

CIG-SAÚDE exige unha negociación que poña en valor o traballo das/os profesionais da Atención Primaria, que mellore a súas condicións laborais e permita fidelizar profesionais.

CIG-SAÚDE exige unha reunión de mesa sectorial para negociar de inmediato a seguinte táboa reivindicativa.

TÁBOA REIVINDICATIVA:

1.- Recoñecemento por parte do SERGAS que **toda a xornada realizada en PACs é xornada ordinaria**, e polo tanto hai que **aplicar as correspondentes retribucións deste posto** (valor hora, nocturnidade e festividade) a todo o persoal, con independencia de quen realice a xornada complementaria; persoal de ordinaria ou persoal de PAC.

2.- **Establecer un número máximo de 1.300 TIS/profesional en adultos**. E un **máximo de 30 persoas por axenda**; isto si sería unha axenda de calidade.

3.- Establecer unha xornada complementaria (voluntaria) para **médicxs de primaria**, que permita facer unha **prolongación da xornada para atender a súa sobredemanda**. Negociar as retribucións desta xornada. Un sistema parecido ao módulo de xornada que realiza o persoal de hospital, maiores de 55 anos que deixan de facer gardas.

4.- Establecer un **sistema de gardas localizadas para cubrir as incidencias** non previstas.

5.- Unha vez publicadas as novas condicións laborais, o SERGAS procedería a realizar unha **nova oferta de voluntariedade**.

6.- Incorporar enfermeirxs nos centros de saúde para acadar o **mesmo ratio de enfermeirx que de médicx**. No caso da enfermeirx habería que considerar, a maiores, o incremento da cronicidade e a atención domiciliaria, entre outros.

7- **Incorporar Matronas, Fisioterapeutas, Psicólogos Clínicxs, Odontólogos, PSX, TCAEs e Farmacéuticos de Primaria**, un cadro de persoal dimensionado en función das cargas de traballo e das carteiras de servizos.

No referente ao persoal de fisioterapia, o seu cadro de persoal debería estar dimensionado para atender ás necesidades da atención primaria, na actualidade atenden a demanda derivada de hospital, sen que x médicx de primaria poida derivar persoas a estxs profesionais.

8.- Implementar **protocolos de traballo**.

9.- Calendarios de traballo estables, **reparto equitativo das xornadas de traballo**.

10- **Xerencias de primaria e estrutura directiva**, que permita facer planificación, desenvolvemento dos procesos, se responsabilice da xestión...

11.- **Formación de Residentes** e organización das axendas da consulta.

Unha atención primaria con condicións dignas XA!!